


EXPEDIENTE M5/2023 DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS, MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS, MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS E RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS DO ORZAMENTO 2023 (PRORROGADO DE 2022)



Área / Unidada PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E17100L2
Código de verificación  3851 0Y6O 1110 5A4T 07EF	Expediente 36E/2023/20
	Fecha 02-11-2023

Expediente M5/2023 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, modificación da relación de Investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e recoñecemento extraxudicial de obrigas do orzamento de 2023 (prorrogado de 2022)

MEMORIA DE ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente, que ten por finalidades a realización de gastos específicos e determinados cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, sendo inexistente ou insuficiente o crédito orzamentario no presente exercicio. É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Na actualidade, a Lei reguladora de bases de réxime local, o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (LRFL) e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que se deberán axustar as Corporacións Locais nos expedientes de concesión de créditos extraordinarios.

II.- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito están destinados ao cumprimento de obrigas legais, compromisos asumidos con outras administracións e entidades públicas, así como outras actuacións de interese público que non admiten demora no tempo.

Con este modificativo abórdase o recoñecemento de obrigas, a consecuencia do desenvolvemento da actividade deportiva ou a subministración de enerxía eléctrica, e gas, fundamentalmente en instalacións e edificios municipais, nunha época de evidentes tensións no mercado enerxético. Tamén a asunción de obrigas por servizos postais para notificar as acordos municipais, entre outros.

Destácase a consignación de crédito orzamentario para a dotación do capital necesario a fin de constituír unha sociedade pública coa UDC, como estrutura de gobernanza da cidade das TIC, na que o concello vai ter o 51 por cento das accións representativas do capital social.

Figura neste modificativo o financiamento do concello aos proxectos do servizo de extinción de incendios que se financian, nun 90 por cento coas contribucións especiais a cargo da xestora de concertos, co obxectivo de acometer distintas melloras no servizo de extinción de incendios.

O Concello debe facer fronte, en cumprimento da Lei de orzamentos xerais para 2023, ao incremento retributivo e de cotas da seguridade social, previstos para o persoal do sector público, no que se encadran o conxunto de empregados públicos deste Concello, como directamente beneficiarios

O modificativo proposto é necesario para dar cobertura económica a anualidade 2023, do convenio asinado entre este Concello, a Xunta de Galicia e ADIF de cara as obras da estación Intermodal, que inclúen a execución da terminal de autobuses, aparcamentos, xunto con elementos comúns da intermodalidade.

Asemade, recolle este expediente unha achega, nesta anualidade, para financiar as obras ordinarias de urbanización do viario de conexión entre Avenida da Sardiñeira e Avenida de Arteixo.

III.- Nas listaxes que acompañan as propostas, aparecen as finalidades específicas das modificacións que se propoñen, todas elas de marcado interese público as que se debe dar unha resposta áxil e coa maior eficacia posible.

IV.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022 (M5/2023), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS



Concello da Coruña

I	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	1.512.043,52
II	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	3.865.321,43
TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE GASTOS		5.377.364,95

MINORACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS DE CRÉDITO	-1.859.257,97
TOTAL MINORACIÓNS		-1.859.257,97

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	RLTGX	369.440,41
II	RLTGFA	1.060.084,22
III	MAIORES INGRESOS	2.088.582,35
TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE INGRESOS		3.518.106,98

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS	3.518.106,98
VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:	3.518.106,98

DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE GASTO

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	1.500.000,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	2.240.680,73
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	-1.441.385,57
V	Fondo de Continxencia e outros	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		2.299.295,16
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	109.116,57
VII	Transferencias de capital	773.095,25
VIII	Activos financeiros	336.600,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.218.811,82
TOTAL		3.518.106,98

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

A Alcaldesa,



ALCALDÍA – PRESIDENCIA

Exercicio 2022

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DECRETO DA ALCALDIA

De conformidade co artigo 191.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e preceptos que a desenrolan, corresponde á Alcaldía a aprobación da liquidación do orzamento.

Efectuado o peche e liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021 pola Tesourería Xeral, centro directivo da contabilidade de conformidade co artigo 137 do Regulamento Orgánico Municipal, e visto o informe da Tesourería Xeral de data 28 de febreiro de 2023.

RESOLVO

1.- Aprobar o Estado de Liquidación do Orzamento do exercicio 2022 co seguinte:

RESUMO

1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE.

LIQUIDACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS

ESTADO DE GASTOS		CREDITO INICIAL	MODIFICACIONES	CREDITOS DEFINITIVOS	GASTO COMPROMETIDO	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	REMANENTE DE CREDITO
CAPITULO 1	GASTOS DE PERSOAL	71.000.000,00	2.219.156,59	73.219.156,59	72.593.723,66	72.593.720,50	71.160.881,39	1.432.839,11	625.436,09
CAPITULO 2	GASTOS BS E SERV. CORRENTES	131.939.793,52	3.394.515,79	135.334.309,31	123.414.054,12	117.293.614,42	111.474.800,34	5.818.814,08	18.040.694,89
CAPITULO 3	GASTOS FINANCIEROS	156.831,33	119.054,90	275.886,23	275.881,04	275.881,04	275.881,04	0,00	5,19
CAPITULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	35.256.966,26	6.448.954,25	41.705.920,51	39.959.639,98	39.497.184,16	37.716.594,45	1.780.589,71	2.208.736,35
CAPITULO 5	FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
TOTAL OPERAC. CORRENTES		238.373.591,11	12.181.681,53	250.555.272,64	236.243.298,80	229.660.400,12	220.628.157,22	9.032.242,90	20.894.872,52
CAPITULO 6	INVERSIONS REAIS	59.036.101,38	33.251.586,13	92.287.687,51	63.147.952,85	22.722.594,32	19.865.121,50	2.857.472,82	69.565.093,19
CAPITULO 7	TRANSFERENC. DE CAPITAL	4.084.020,91	8.423.909,66	12.507.930,57	10.082.813,78	3.839.278,07	1.844.143,43	1.995.134,64	8.668.652,50
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	860.001,00	673.529,75	1.533.530,75	1.061.729,61	1.061.729,61	1.061.729,61	0,00	471.801,14
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	7.683.285,60	-6.000,00	7.677.285,60	7.676.734,33	7.676.734,33	7.676.734,33	0,00	551,27
TOTAL OPERAC. CAPITAL		71.663.408,89	42.343.025,54	114.006.434,43	81.969.230,57	35.300.336,33	30.447.728,87	4.852.607,46	78.706.098,10
TOTAL CAPITULOS		310.037.000,00	54.524.707,07	364.561.707,07	318.212.529,37	264.960.736,45	251.075.886,09	13.884.850,36	99.600.970,62



LIQUIDACION ORZAMENTO DE INGRESOS

ESTADO DE INGRESOS		PREVISION INICIAL	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS RECONOCIDOS	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	RECADACION NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
CAPITULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	104.646.191,00	0,00	104.646.191,00	106.122.537,61	7.526.403,30	54.413,87	98.541.720,44	91.179.493,07	7.362.227,37
CAPITULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	12.271.890,00	0,00	12.271.890,00	14.376.054,21	3.238.250,93	0,00	11.137.803,28	10.349.451,09	788.352,19
CAPITULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	59.323.483,12	1.479.266,76	60.802.749,88	50.378.873,38	451.300,00	22.232,52	49.905.340,86	42.052.222,52	7.853.118,34
CAPITULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	84.237.796,69	8.194.404,57	92.432.201,26	94.813.230,22	2.304.451,60	0,00	92.508.778,62	88.195.364,75	4.313.413,87
CAPITULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	8.222.382,32	0,00	8.222.382,32	3.163.528,65	0,00	0,00	3.163.528,65	1.338.426,33	1.825.102,32
TOTAL OPERAC. CORRENTES		268.701.743,13	9.673.671,33	278.375.414,46	268.854.224,07	13.520.405,83	76.646,39	255.257.171,85	233.114.957,76	22.142.214,09
CAPITULO 6	INVERSIONS REAIS	3.343.924,00	0,00	3.343.924,00	2.108.700,68	940.913,11	0,00	1.167.787,57	1.167.787,57	0,00
CAPITULO 7	TRANSFERENC. DE CAPITAL	16.636.684,65	13.143.866,13	29.780.550,78	13.172.478,07	380.158,13	0,00	12.792.319,94	12.792.319,94	0,00
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	2,00	26.258.355,06	26.258.357,06	237.916,82	0,00	0,00	237.916,82	237.916,82	0,00
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	21.354.646,22	5.448.814,55	26.803.460,77	7.951.991,94	1.264.042,91	0,00	6.687.949,03	6.687.949,03	0,00
TOTAL OPERAC. CAPITAL		41.335.256,87	44.851.035,74	86.186.292,61	23.471.087,51	2.585.114,15	0,00	20.885.973,36	20.885.973,36	0,00
TOTAL CAPITULOS		310.037.000,00	54.524.707,07	364.561.707,07	292.325.311,58	16.105.519,98	76.646,39	276.143.145,21	254.000.931,12	22.142.214,09

2. LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

ESTADOS DE GASTOS. OBRIGAS RECONOCIDAS PENDENTES DE PAGO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	PRES CRIPCION	PAGOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO
10.567.264,00	0,00	387.061,93	10.180.202,07	0,00

ESTADO DE INGRESOS. DEREITOS RECONOCIDOS PENDENTES DE COBRO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	DEREITOS CANCELADOS ANULADOS	COBROS	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
83.429.499,37	-79.366,98	7.253.901,29	14.084.022,09	62.012.209,01

3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

RESULTADO ORZAMENTARIO - CONCEPTOS	DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) operacions correntes	255.257.171,85	229.660.400,12		25.596.771,73
b) operacions de capital	13.960.107,51	26.561.872,39		-12.601.764,88
1. Total ops. Non financeiras (a+b)	269.217.279,36	256.222.272,51		12.995.006,85
c) activos financeiros	237.916,82	1.061.729,61		-823.812,79
d) pasivos financeiros	6.687.949,03	7.676.734,33		-988.785,30
2. Total ops. Financeiras (c+d)	6.925.865,85	8.738.463,94		-1.812.598,09
I RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	276.143.145,21	264.960.736,45		11.182.408,76
AXUSTES				
3.- Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			3.963.878,86	
4.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			17.083.404,65	
5.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			23.587.550,68	
II TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5)			-2.540.267,17	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				8.642.141,59



4. REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULO	REMANENTE NON COMPROMETIDO			REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	DISPONIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	625.432,93	0,00	0,00	3,16	625.436,09
CAPITULO 2	10.956.777,91	616.833,28	346.644,00	6.120.439,70	18.040.694,89
CAPITULO 3	5,19	0,00	0,00	0,00	5,19
CAPITULO 4	649.178,85	1.097.101,48	0,20	462.455,82	2.208.736,35
CAPITULO 5	20.000,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
CAPITULO 6	25.379.589,29	39.550,06	3.720.595,31	40.425.358,53	69.565.093,19
CAPITULO 7	2.380.351,45	44.765,34	0,00	6.243.535,71	8.668.652,50
CAPITULO 8	471.801,14	0,00	0,00	0,00	471.801,14
CAPITULO 9	551,27	0,00	0,00	0,00	551,27
TOTAIS	40.483.688,03	1.798.250,16	4.067.239,51	53.251.792,92	99.600.970,62

5. REMANENTE DE TESOURERÍA.

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA	EXERCICIO 2022	
1. (+) Fondos Líquidos		39.007.803,22
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		87.265.088,74
+ Orzamento Corrente	22.142.214,09	
+ Orzamentos Pechados	62.012.209,01	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	3.110.665,64	
3. (-) Obrigas pendentes de pagamento		26.016.233,86
+ Orzamento Corrente	13.884.850,36	
+ Orzamentos Pechados	0,00	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	12.131.383,50	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		1.846.701,61
- Cobros pendentes de aplicación definitiva	-388.536,71	
+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	2.235.238,32	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		102.103.359,71
II. Saldos de dudoso cobro		66.421.798,64
III. Exceso de financiación afectada		33.374.487,17
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		2.307.073,90

2.- Dar conta ao Pleno e comunicar á Administración do Estado e á Xunta de Galicia da Liquidación do exercicio 2021, segundo o disposto no artigo 193.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento.

A ALCALDESA

AYTO.CORUÑA

Fecha Obtenidor 06/11/2023

9:03:50

PRESUPUESTO DE INGRESOS 2023

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE

1/1/2023

HASTA

3/11/2023


Pág:

1

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	Impuestos directos.	104.646.191,00		104.646.191,00	99.700.617,41	71.181.962,95	1.793.980,63	69.387.982,32	30.312.635,09	-4.945.573,59
2	Impuestos indirectos.	12.271.880,00		12.271.880,00	9.253.673,42	9.214.755,61	402.588,83	8.812.186,78	441.386,64	-3.018.316,56
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos.	59.323.483,12	4.257.494,47	63.580.977,59	35.039.274,05	25.142.458,04	347.689,01	24.794.769,03	10.244.505,02	-28.541.703,54
4	Transferencia corrientes.	84.237.796,69	8.477.316,94	92.715.113,63	74.124.188,13	74.708.264,40	584.076,27	74.124.188,13		-18.590.925,50
5	Ingresos patrimoniales.	8.222.382,32	1.876.937,05	10.099.319,37	8.044.290,41	7.821.629,97		7.821.629,97	222.680,44	-2.055.028,96
6	Enajenación de inversiones reales.	3.343.924,00		3.343.924,00	43.061,66	43.061,66		43.061,66		-3.300.862,34
7	Transferencias de capital.	16.636.684,65	25.494.683,39	42.131.368,04	16.375.597,65	16.394.978,71	19.381,06	16.375.597,65		-25.755.770,39
8	Activos financieros.	2,00	29.060.439,91	29.060.441,91	192.200,49	192.200,49		192.200,49		-28.888.241,42
9	Pasivos financieros.	21.354.646,22	29.934.816,51	51.289.462,73	242.772.803,22	159.421,87	159.421,87			-51.289.462,73
	Suma Total Ingresos.	310.037.000,00	99.101.688,27	409.138.688,27	242.772.803,22	204.858.733,70	3.307.117,67	201.551.616,03	41.221.187,19	-166.365.885,05

PRESUPUESTO DE GASTOS 2023

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Creditos Iniciales	Modificaciones	Creditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSONAL.	70.445.291,69	1.526.025,01	71.971.316,70	58.578.740,34	57.304.041,83	124.188,27	57.179.853,56	1.398.886,78	13.392.576,36
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.	128.720.280,83	5.386.055,06	134.106.315,89	95.735.174,01	90.867.747,84	34.485,05	90.833.262,79	4.902.483,22	38.370.569,88
3	GASTOS FINANCIEROS.	908.210,42	565.248,55	1.473.458,97	895.517,25	895.517,25		895.517,25		577.941,72
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES.	35.256.966,26	4.583.891,06	39.840.857,32	29.348.204,63	29.248.069,61	41,98	29.248.027,63	100.177,00	10.482.652,69
5	FONDD DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	20.000,00		20.000,00	34.960.423,69	34.964.392,40		34.064.392,40	896.031,29	20.000,00
6	INVERSIONES REALES.	6.817.853,53	80.817.743,54	87.635.597,07	480.414,83	480.414,83		480.414,83		52.675.173,38
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	3.252.487,75	6.132.994,42	9.385.482,17	663.339,47	663.276,47		663.276,47	63,00	8.905.067,34
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	30.001,00	654.979,18	684.980,18	6.133.747,89	6.133.747,89		6.133.747,89		21.640,71
9	PASIVOS FINANCIEROS.	8.178.330,52	99.666.936,82	107.845.267,34	228.796.134,11	219.657.208,12	158.715,30	219.498.492,82	7.297.641,29	126.500.204,71
	Suma Total Gastos.	253.629.402,00	99.666.936,82	353.296.338,82	228.796.134,11	219.657.208,12	158.715,30	219.498.492,82	7.297.641,29	126.500.204,71
	Diferencia...	56.407.598,00	-565.248,55	55.842.349,45	15.976.669,11	-14.798.474,42	3.148.402,37	-17.946.876,79	33.923.545,90	-39.866.680,34





EXPEDIENTE M5/2023 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, BAIXAS DE CRÉDITO, E MODIFICACIÓN DE RELACIÓN DE INVERSIONES E ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS, E CAMBIO DE FINANCIAMIENTO, TODO DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DO 2023.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M5/2023 de suplementos de crédito, de créditos extraordinarios, baixas de crédito e modificación de relación de investimentos e anexo de subvencions nominativas, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega ao expediente 36E/2023/20.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2022, prorrogado ao 2023, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022, prorrogado ao 2023, establece o carácter preceptivo, aínda que non vinculante, do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME.

I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.

O expediente que agora se somete á Corporación en Pleno supón cinco créditos extraordinarios por importe de 1.512.043,52 €, vinte suplementos de crédito por importe de 3.865.321,43 € e trece baixas por anulación por importe de -1.859.257,97 €..

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios e suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS. (€)

Suplementos de crédito	3.865.321,43
Créditos Extraordinarios	1.512.043,52



Total altas de créditos	5.377.364,95
--------------------------------	--------------

II.- FINANCIAMIENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO. (€)

Baixas de crédito	1.859.257,97
Remanente Líquido de Tesourería Gastos Xerais	369.440,41
Excesos de financiamento afectado	1.060.084,22
Maiores ingresos efectivamente recaudados sobre os previstos	2.088.582,35
Total financiamento	5.377.364,95

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Os excesos de financiamento afectado están integrados esencialmente por economías nos proxectos financiados por préstamos de exercicios anteriores. Con esta modificación o Pleno aprobará destinar recursos afectados doutros exercicios anteriores a gastos do vixente exercicio o cal supón certa distorsión da habitual e común adecuación dos préstamos cos gastos de mesmo exercicio económico.

As baixas de crédito está informadas polos servizos no sentido de que non son necesarios e poden dispoñerse para outros fins.

Os maiores ingresos efectivamente recaudados é un recurso previsto na Lei de Facendas Locais para financiar suplementos e créditos extraordinarios. En concreto estes maiores ingresos se corresponden ao IBI e as rendas 2021 e 2022 polo aluguer do Hotel Atlántico.

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos.

Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

“El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles



sin perturbación del respectivo servicio. “

En termos de estabilidade orzamentaria, a nivel de créditos definitivos e previsións definitivas, está a financiarse un gasto non financeiro cun ingreso financeiro como é o Remanente Líquido de Tesourería, que en termos absolutos, teóricos e individuais implica inestabilidade orzamentaria. Pero como as regras fiscais están suspendidas aínda no caso de que se producirá un déficit en termos de estabilidade orzamentaria non habería de aprobarse un Plan Económico Financiero. A suspensión das regras fiscais tamén permite o uso indiscriminado do Remanente Líquido de Tesourería.

O anterior parágrafo referido á estabilidade orzamentaria infórmase ós efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente (xa que a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidad Orzamentaria é posterior e non o esixe) a obriga a emisión do informe da Intervención a estabilidade orzamentaria das modificacións orzamentarias.

II.- Exame do expediente.

Supleméntanse con 1,5 millóns de €, aplicacións do capítulo 1 que, segundo o xefe do Servizo de Recursos Humanos, son para atender en parte a subida do 0,5% da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2023 ao cumprirse as condicións económicas de crecemento do PIB e IPC.

Suplemento de 1.115.332,46€ que se tramita para facer fronte aos gastos da subministración de enerxía eléctrica para o alumeadado das dependencias municipais, baixo a xustificación do departamento de actividade industrial da volatilidade dos prezos da enerxía e pola falta dunha licitación e dun contrato que de cobertura xurídica e económica o servizo. Como xa dixemos no noso informe ao Recoñecemento Extraxudicial de Crédito que se achega con esta modificación de crédito, debe procederse a licitación do contrato de suministro de enerxía eléctrica das dependencias municipais.

Un crédito extraordinario por importe de 336.600 € é para o capítulo VIII, de activos financeiros, para achegar o capital municipal a empresa mixta, titularidade municipal nun 51% e da UDC nun 49%, da Cidade das TIC cuxa constitución está en tramitación.

Outro crédito extraordinario por importe de 753.095,25 € é para poder facer fronte a achega comprometida para esta anualidade 2023 no convenio coa Xunta e o ADIF para financiar os elementos común da nova Intermodal.

Dótase un crédito por valor de 189.700,52 € para poder licitar no 2023 o proxecto da obra por importe de 2.587.859,84 € (plurianualizando o resto do importe entre o 2024 e o 2025) de conexión entre a Avda. da Sardiñeira e Avda de Arteixo no ámbito dos convenios da Intermodal.

Tamén dótase crédito para facer fronte a cuotas de urbanización no que o Concello é propietario e segundo informa o servizo de urbanismo ven obrigado a abonar as cuotas de urbanización aprobadas nas asembleas das xuntas de compensación. Non obstante, debemos advertir que o pago destas cuotas supón ir en contra da regra xeral prevista na normativa orzamentaria de “servizo feito” xa que son adiantos para que as xuntas de compensación poidan ter financiamento para o pago das obras de urbanización. O ideal sería que os pagos foran realizados polo Concello



ao ritmo que se xustificaran. Dase a circunstancia que o concello ten por un lado o carácter de tutelante e polo outro dun propietario máis e como tal é certo que debería abordar o pago das cuotas pero podería poñerse en cuestión se prima máis a obriga como propietario ou a obriga legal de non poder pagar anticipadamente. En todo caso sí debemos advertir que non se valorou na determinación dos importes a consignar (que non inclúen IVE), ou polo menos non consta no expediente, se o Concello ten ou non a condición de empresario aos efectos da procedencia ou non da inversión do suxeito pasivo do IVE. Xa se dí nunha dos requerimentos da Xunta de Compensación que no caso de que non se diga nada entenderase que non é empresario e a cuota se esixirá co IVE, e nese caso a consignación do importe no orzamento municipal sería insuficiente.

Como xa dixemos en anteriores informes, o cumprimento xa verificado do expediente das modificacións orzamentarias agora propostas coas esixencias da Lei de Facendas Locais non prexuzgan nin condicionan o sentido da fiscalización previa no momento da realización e execución do gasto.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento.

Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.


A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.

Intervent. Xeral



Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E17100L9
Código de verificación  2W39 4E4Q 0P05 4O27 040A	Expediente 36E/2023/20
	Fecha 03-11-2023

O/A concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 3 de novembro de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA

Coordinación Xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

Dirección da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

Asunto: Aprobación do proxecto de expediente de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, modificación da relación de investimentos, modificación do Anexo de subvencións nominativas e recoñecemento extraxudicial de obrigas do orzamento de 2023, prorrogado de 2022 (M5/2023).

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente

El/La concejal/a-secretario/a de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:

Que la Junta de Gobierno Local en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 3 de noviembre de 2023 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

ÁREA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACION URBANA

Coordinación General del Área de Economía y Planificación Urbana

Dirección del Área de Economía, Hacienda y Régimen Interior

Servicio de Presupuestos y Estudios Económicos

Asunto: Aprobación del proyecto de expediente de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, bajas por anulación de créditos, modificación de la relación de inversiones, modificación del Anexo de subvenciones nominativas y reconocimiento extrajudicial de obligaciones do presupuesto de 2023 prorrogado de 2022 (M5/2023).

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente

acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2023, prorrogado de 2022 (M5/2023), mediante concesión de cinco créditos extraordinarios, por importe dun millón cincocentos doce mil corenta e tres euros con cincuenta e dous céntimos (1.512.043,52€), vinte e un suplementos de crédito por importe de tres millóns oitocentos sesenta e cinco mil trescentos vinte e un euros con corenta e tres céntimos (3.865.321,43€) e trece baixas por anulación de crédito por importe dun millón oitocentos cincuenta e nove mil douscentos cincuenta e sete euros con noventa e sete céntimos (1.859.257,97€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M5/2023” que se incorpora ao expediente.
2. Aprobar o proxecto de modificación do estado de ingresos do orzamento 2023, prorrogado de 2022, incorporando os maiores ingresos por importe de dous millóns oitenta e oito mil cincocentos oitenta e dous euros con trinta e cinco céntimos (2.088.582,35€), o remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de trescentos sesenta e nove mil catrocentos corenta euros con corenta e un céntimos (369.440,41€) e o remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado por importe dun millón sesenta mil oitenta e catro euros con vinte e dous céntimos (1.060.084,22€).
3. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente de: as baixas por anulación de crédito por importe dun millón oitocentos

*acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:*

1. *Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2023, prorrogado de 2022 (M5/2023), mediante concesión de cinco créditos extraordinarios, por importe de un millón quinientos doce mil cuarenta y tres euros con cincuenta y dos céntimos (1.512.043,52€), veintiún suplementos de crédito por importe de tres millones ochocientos sesenta y cinco mil trescientos veintiún euros con cuarenta y tres céntimos (3.865.321,43€) y trece bajas por anulación de crédito por importe de un millón ochocientos cincuenta y nueve mil doscientos cincuenta y siete euros con noventa y siete céntimos (1.859.257,97€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M5/2023” que se incorpora al expediente.*
2. *Aprobar el proyecto de modificación del estado de ingresos del presupuesto 2023, prorrogado de 2022, incorporando los mayores ingresos por importe de dos millones ochenta y ocho mil quinientos ochenta y dos euros con treinta y cinco céntimos (2.088.582,35€), el remanente líquido de tesorería para gastos generales por importe de trescientos sesenta y nueve mil cuatrocientos cuarenta euros con cuarenta y un céntimos (369.440,41€) y el remanente de tesorería para gastos con financiación afectada por importe de un millón sesenta mil oitenta y cuatro euros con veintidós céntimos (1.060.084,22€).*
3. *Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente de: las bajas por anulación de crédito por importe de un millón ochocientos*



Concello da Coruña

cincuenta e nove mil douscentos cincuenta e sete euros con noventa e sete céntimos (1.859.257,97€), os maiores ingresos por importe de dous millóns oitenta e oito mil cincocentos oitenta e dous euros con trinta e cinco céntimos (2.088.582,35€), o remanente de tesourería para gastos xerais por importe de trescentos sesenta e nove mil catrocentos corenta euros con corenta e un céntimos (369.440,41€) e o remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado por importe dun millón sesenta mil oitenta e catro euros con vinte e dous céntimos (1.060.084,22€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M5/2023. Financiamento”.

4. Aprobar o proxecto de Modificación da Relación de Investimentos do Orzamento de 2023, derivada das modificacións orzamentarias que se tramitan neste expediente, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M5/2023. Modificación da Relación de Investimentos” e o financiamento nos casos nos que resulte modificada.
5. Aprobar o proxecto de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2023, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M5/2023. Modificación do Anexo de Subvencións nominativas”.
6. O proxecto de expediente unha vez aprobado someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co ditame previo da Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral.

cincuenta y nueve mil doscientos cincuenta y siete euros con noventa y siete céntimos (1.859.257,97€), los mayores ingresos por importe de dos millones ochenta y ocho mil quinientos ochenta y dos euros con treinta y cinco céntimos (2.088.582,35€), el remanente de tesorería para gastos generales por importe de trescientos sesenta y nueve mil cuatrocientos cuarenta euros con cuarenta y un céntimos (369.440,41€) y el remanente de tesorería para gastos con financiación afectada por importe de un millón sesenta mil ochenta y cuatro euros con veintidós céntimos (1.060.084,22€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M5/2023. Financiación”.

4. *Aprobar el proyecto de Modificación de la Relación de Inversiones del Presupuesto de 2023, derivada de las modificaciones presupuestarias que se tramitan en este expediente, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M5/2023. Modificación de la Relación de Inversiones” y la financiación en los casos en los que resulte modificada.*
5. *Aprobar el proyecto de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2023, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M5/2023. Modificación del Anexo de Subvenciones nominativas”.*
6. *El proyecto de expediente una vez aprobado se someterá a aprobación inicial por el Pleno municipal por mayoría simple de los miembros presentes con el dictamen previo de la Comisión informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General.*

7. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

7. Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a Oficial Maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargada das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

Confrontado e conforme, a Oficial Maior

O/A concelleiro/a-secretario/a

Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí la Oficial Mayor, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargada de las funciones de fe pública según la disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.

Confrontado y conforme, la Oficial Mayor

El/La concejal/a-secretario/a



Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E17I00LD	
Código de verificación  3G45 3F6C 3069 1001 03FP	Expediente 36E/2023/20	
	Fecha 03-11-2023	

Expediente M5/2023 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, modificación da relación de Investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e recoñecemento extraxudicial de obrigacións do orzamento 2023 (prorrogado de 2022)

Informe proposta

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLRFL).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de Orzamentos (actualmente Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo).
- Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Orde EHA/3565/2008, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

- Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

ANTECEDENTES

De acordo co artigo 169.6 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non entrar orzamento en vigor ao 1 de xaneiro de 2023, considérase automaticamente prorrogado o do exercicio 2022, co límite dos seus créditos iniciais. Pero a prórroga non afectou aos créditos para servizos ou programas que debían concluír no exercicio anterior ou que estaban financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

Os axustes á baixa sobre os créditos iniciais foron aprobados de modo expreso por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2022.

Sobre o devandito orzamento prorrogado e axustado poden levar a cabo, como prevé o propio artigo 169.6, calquera dos expedientes de modificación orzamentaria regulados no TRLRFL, e, en concreto, expedientes de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e baixas por anulación.

Así, unha vez iniciado o exercicio 2023, co orzamento prorrogado, de acordo coa lexislación citada anterior, propóñense modificacións orzamentarias destinadas a financiar gastos específicos e urxentes que non poden demorarse ao exercicio seguinte.

A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2.^a do Capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A Base 7.^a das aprobadas para a execución do Orzamento de 2023 (prorrogadas de 2022), remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito. Respecto ás baixas por anulación aparecen reguladas nos art. 49 e ss. do RD 500/1990.

De acordo coas normas apuntadas, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se asigna ou se incrementa crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito, no caso dos créditos extraordinarios, ou é insuficiente o existente, no caso dos suplementos de crédito. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.



Concello da Coruña

No presente expediente, o financiamento prodúcese:

Con baixas de crédito en distintas aplicacións que os servizos estiman reducibles. O importe total das baixas de crédito que se tramitan neste expediente ascende a – 1.859.257,97€. Todos os servizos informan con detalle sobre as baixas que propoñen e xustifican que estas baixas non afectan o funcionamento do servizo ao que foron adscritos estes créditos, debemos ter en conta o momento no que nos/nos atopamos, novembro de 2023 polo que os servizos poden axustar con maior precisión os seus créditos dispoñibles.

Entre as baixas de crédito destacan polo seu importe a de –800.000,00€ na aplicación 51.231.48002 que financia a Renda Social Municipal. Esta baixa xustifícase en que, unha vez rendidas as contas xustificativas dos tres primeiros trimestres, o crédito consumido ascende a 510.696,36€, considerando os técnicos adscritos ao programa unha execución máxima de 700.000,00€. Por iso propoñen dar de baixa a cantidade que consideran sobrante.

Na Área de Benestar tamén se propón dar de baixa o importe de -216.000,00€ adscritos á convocatoria de axudas económicas para promover o benestar e autocoidado das persoas coidadoras de persoas dependentes. Finalizado o prazo de solicitudes desta convocatoria estímase que o número máximo de concesións é de 61 e supoñerán un gasto máximo de 34.000,00€ polo que propoñen anular o resto do importe destinado á convocatoria.

O Servizo de Innovación tecnolóxica propón dar de baixa –200.000,00€ na aplicación doutros traballos realizados por outras empresas, considerando que esta minoración non afecta o servizo.

Tamén se propón unha baixa no servizo de Infraestruturas na aplicación 30.1532.60907, obras de urbanización. O crédito prorrogado era para as obras de urbanización do plan de infraestruturas anual. Este crédito financiábase con recursos propios polo que a súa incorporación ao exercicio 2024 quedaría condicionada á existencia de recursos financeiros. Con todo, na mesma aplicación xorde a necesidade de crear un proxecto plurianual para abordar, con motivo da nova estación intermodal, unha conexión entre a rúa Avda. de Sardiñeira e Avda. de Arteixo. Para a devandita conexión tramitouse un expediente polo servizo de Plan e xestión do chan, de ocupación directa dos terreos que permitirá abrir o vial. Esta obra ten un orzamento de 2.587.859,84 e un prazo de execución de 18 meses, por iso será plurianual. A anualidade 2023, contemplada no M5 ascende a 189.700,52€.

Tamén se financia este M5 con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de 369.440,41€. Co devandito importe fináncianse parte dos créditos extraordinarios destinados a recoñecer extraxudicialmente as obrigacións de exercicios anteriores, que se tramitan no expediente que se leva simultaneamente a aprobación do Pleno.

Outro recurso financeiro deste expediente son os maiores ingresos recadados, por importe de 2.088.582,35€. Estes ingresos correspóndense ao IBI repercutido a Galena Hoteles SL, por ser inquilino dun ben patrimonial municipal (321.842,40€), este ingreso non estaba previsto. Doutra banda, Galena Hoteles tamén ingresou en concepto de alugueiro os importes pendentes das anualidades 2021 e 2022 (1.766.739,95€).

Tamén se financian créditos extraordinarios e suplementos de crédito con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos con financiamento afectado, aplicación 870.10 do orzamento de ingresos. Este remanente afectado provén de excesos de financiamento e está traspasado mediante moción contable realizada ao peche de 2022 ao proxecto 2022-8-FINAN-1, por importe de 1.060.084,22€.

Con estes recursos financeiros suplementáanse con 1,5 millóns de €, aplicacións do capítulo 1 que, segundo o xefe do Servizo de Recursos Humanos, son para atender en parte a subida do 0,5% da LPGE 2023 ao cumprirse as condicións de crecemento PIB e IPC ás que estaba vinculada, no expediente consta o informe do servizo xustificativo dos suplementos.

Neste expediente destaca tamén polo seu importe o suplemento de 1.115.332,46€ que se tramita para facer fronte aos gastos da subministración de enerxía eléctrica, o Departamento de actividade industrial xustifica a necesidade de tramitar o suplemento por ser insuficiente o crédito do orzamento prorrogado para abordar o gasto de iluminación das dependencias municipais.

Outro crédito extraordinario é o destinado a adquisición do 51% das accións para constituír a Sociedade pública xestora Cidade das TIC, 336.600,00€.

Propónse a aprobación dun crédito extraordinario por importe de 753.095,25€ para abordar parte da anualidade 2023 do Convenio entre a Xunta de Galicia, Concello da Coruña e Entidade Pública Empresarial ADIF para a execución da nova terminal de autobuses, aparcamento e elementos comúns da remodelación da Estación da Coruña – San Cristóbal.

Neste expediente tramítanse créditos extraordinarios para habilitar crédito en 2023 ao que poder imputar os recoñecementos extraxudiciais de obrigas que se levan a aprobación polo Pleno. Trátase de habilitar crédito para atender facturas que quedaron pendentes de tramitar e que se corresponden (de acordo cos informes que acompañan) con servizos prestados en 2020, 2021 e 2022. Os recoñecementos extraxudiciais veñen acompañados de toda a documentación esixida no apartado IV punto 4 da Base 5.^a das de Execución do Orzamento. Figura así mesmo, informe do Interventor Xeral aos recoñecementos extraxudiciais de obrigas do M5/2023.

CONSIDERACIÓNS JURIDICAS E TÉCNICAS

O expediente de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas de crédito, modificación da relación de Investimentos e modificación do



Concello da Coruña

Anexo de subvencións nominativas do orzamento 2023, prorrogado de 2022, que se somete á Xunta de Goberno Local, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente. Na devandita Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigos 177 e 178 do TRLRFL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.

O expediente M5/2023 de modificación do Orzamento de 2023 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, segundo consta no certificado que obra no expediente, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral sométese a aprobación inicial polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación por maioría simple dos membros presentes, o expediente haberá de expoñerse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o propio Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se, durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP, entrando en vigor unha vez efectuada esta publicación.

Conforme a normativa citada, e se se considera oportuno, sería procedente formular ao Pleno da Corporación, a seguinte:

Proposta de acordo:

